

### "Fiandeira Namorada"

(Os Eidos. Libro do Courel - Ed. Xerais. 1981)

Fiandeira namorada  
que fias detralo lume  
cos ollos postos nas chamus  
roxiiñas brancas i azules.

Fiandieriña que fias  
nas noites do longo inverno  
as liñas máis delgadiñas  
que o fio do pensamento.

Cai a neve branca fora  
riba dos teitos calada  
mentras ti fias e soñas  
nunha cousiña lonxana...

Fiandieriña delgada  
sempre metida a fiar  
sempre a fiar e soñar  
para logo non ser nada.



Para logo non ser nada  
eso inda está por ver  
e pois cas trebas do liño  
ó torcelas de camiño  
algo se ha de prender.

Algo se ha de prender  
i afé que tiñas razón  
que eu estabache mirando  
sin deñar que encante nón  
ibame indo namorado.

### "Se o Pasado é Pasado"

(Arrodeos e desvios do Camiño de Santiago  
Ed. Hércules -1999)


Se o pasado é pasado  
i o presente é o urxente  
por qué inda busca a xente  
aquil soño clausurado?

Vido visto ben Santiago  
i esa cuestión non resolta  
fago camiño de volta  
camiño de volta fago.

Camiño de volta fago  
vólto do cabo do Mundo.  
Terra sólo en ti me fundo:  
é a certeza que trago.



## POEMAS CALIGRÁFICOS



"Eu sin  
que esta doar  
é por algo  
que un non  
tiña sin  
fundanza  
1958"



"Do poema Mundo Laxeiro:  
Soñar, soñar todalas cousas  
pra ter unha a unha  
todo sucedéndose entre  
a farva i a merenda  
e abertas as noites ceas  
todos xuntos e irse por  
parexas"

	XUNTA DE GALICIA
	COLEXIO DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA DE PORTE SANPAO
	Rúa A Murugueira nº 12 - 36600 - PORTE SANPAO (PORTEVEDRA)
	Correio: 36010 Web: <a href="http://centro.educ.gal">http://centro.educ.gal</a> Teléfono: 986 1 700 130 Fax: 986 1 700 130

## 17 de MAIO DÍA DAS LETRAS GALEGAS



Uxío Novoneyra

Nº 6 - Ano 2010

## O HOMENAXEADO



Eugenio Novo Neira coñecido por **Uxío Novoneyra**, naceu o 19 de xaneiro de 1930 en Parada do Courel no seo dunha familia labradora. De estudante en Lugo, coñeceu a Manuel María e ambos frecuentaron o trato de intelectuais da anterior

xeración, como Luís Pimentel, Anxel Fole, Celestino Fernández de la Vega ou Ramón Piñeiro.

Con 19 anos, Novoneyra trasladouse a Madrid, onde se matriculou na facultade de Filosofía e Letras e regresou en 1951 para facer o servizo militar. Entre 1953 e 1962 volveu vivir en O Courel, obrigado por unha pleuresía que o tivo ao bordo da morte.

En 1962, o poeta traballou en Madrid en programas de radio e televisión.

En 1973 casou con Elba Rei, coa que tivo tres fillos que residían entre O Courel e Lugo, para instalarse definitivamente en Santiago en 1983. O poeta foi elixido presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega, cargo que ocupou até a súa morte, en outubro de 1999.

*“Novoneyra foi un dos poetas máis relevantes en lingua galega de todos os tempos. A obra do poeta está enraizada na tradición e no popular.”*

## OBRA

### POEMARIOS

- Os eidos (1955)
- Os eidos 2. Letanía de Galicia e outros poemas (1974)
- Poemas caligráficos (1979)
- Os Eidos. Libro do Courel (1981)
- Muller pra lonxe (1987)
- Do Courel a Compostela 1956-1986 (1988)
- Tempo de elexía (1991)
- Poemas de doada certeza i este brillo premido entre as pálpebras (1994)
- Betanzos: Poema dos Caneiros e Estampas (1998)
- Dos sonhos teimosos Noitarenga (1998)
- Arrodeos e desvíos do Camiño de Santiago e outras rotas (1999)



### LITERATURA INFANTIL

- O cubil de Xabarín (1990)
- Gorgorín e Cabezón (1992)
- Ilda, o lobo, o corzo e o xabarín (1998)



Terras outas e soias!  
Serras longas mouras!  
Eu son

Ancares soñados co lonxe!  
Penas de Marco de Meio Mundo en ringuileira do  
Candedo ás Moás!  
Alto da Lucenza Formigueiros Montouto Pía-Páxaro  
Tesos cumes do Courel! Pobos probes  
Ardidos de tristura mouros de queimados!  
Lor ruxindo polo val pecho!  
Ucedo e ucedo!  
Fontiñas outas  
penedos  
carrozos escuros  
fragas agros soutos e devesas! Labregos e pastoras  
que soio vistes  
istes tesos e máis estes vales!  
Aturula a curuxa e canta o cuco  
Medindo o tempo quedo que se para na cor e tornándose  
Contra un ven cravarse no sitio onde máis se sinte!

*Serra aberta (Os eidos 2)*

